

Castro de Barco



Imaxe: Elixio Vieites

Descrición

O Castro do Barco atópase a 120 metros ao norte do leito do Ulla e a 1,5 quilómetros da súa confluencia co río Sar, estando a unha altitude de 43 metros. Ten un espazo habitacional de forma redondeada e de superficie chan, cunhas medidas no seus eixos maior e menor de 150 por 120 metros, o que conforma unha superficie dunhas 1,8 hectáreas, o que o converte nun dos xacementos máis extensos da zona. Está delimitado por un terraplén e un foxo, que foi recortado pola estrada que vai ao lugar do Barco, e que tería unha dimensións duns 3 metros de fondo e 8 de ancho. Ten unha entrada pola zona nordés, onde se pode apreciar ben a magnitude das súas defensas.


INFORMACIÓN	
TIPOLOXÍA	Arqueoloxía
CRONOLOXÍA	Idade do Ferro
CONCELLO	Padrón
PARROQUIA	Santa María de Iria Flavia
REFERENCIAS	Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón, aprobado o 27 de xullo de 1994. Patrimonio Galego (http://patrimoniogalego.net/index.php/65744/2014/11/castro-do-barco/)

XEOLOCALIZACIÓN	
COORDENADAS	42.732256974806 , -8.6495636892806





FONDO SOCIAL EUROPEO
INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL
O FSE inviste no teu futuro



* Información obtida da páxina web obaixoulla.gal. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.